



COMUNICADO AOS MEDIOS CO ROGO DA SÚA DIFUSIÓN

## A protesta e o “plante” dos feirantes son unha consecuencia lóxica da política escurantista e alonxada da rúa de Isaac Vila e do Partido Popular

No mes de outubro o goberno do PP no Concello de Xinzo **aprobo en solitario** unha revisión de taxas e impostos. Esta modificación foi **plantexada de xeito apresurado** e sen dar tan sequera tempo aos grupos da oposición de revisar e estudar a documentación aportada para poder ter unha opinión formada, **feito que nós denunciemos no seu momento co xesto de abandonar o pleno no que foi tratada**. Logo dunha análise a fondo, o Bloque Nacionalista Galego de Xinzo **valorou a suba, no seu conxunto, como desproporcionada para ser acometida globalmente**. No día de hoxe, co plante e protesta dos feirantes diante do Concello, tivemos a ocasión de vivir unha **consecuencia directa do xeito de gobernar do alcalde Isaac Vila** e do PP.

A xeito de resumo destacaríamos os seguintes puntos:

- A taxa que provocou a protesta é a de *“Ocupación de terreos de uso público con postos de venda, barracas, espectáculos e outros análogos”* que na *“Tarifa C: Postos asignados na feira quincenal”* pasou de 0,90 a 2,00€/m<sup>2</sup>·día, o cal representa unha suba dun 122%.
- No 2006 o Concello ingresou por esta taxa 38mil euros que, coa aplicación da nova tarifa, aumentarán previsibelmente a máis de 80mil neste ano. Globalmente a suba de taxas e impostos suporá un incremento nos ingresos municipais duns 300mil euros anuais, o cal servirá para financiar a errática e caótica política de contratacións de Isaac Vila, mais non repercutirá na mellora apreciable da cantidade nin da calidade dos servizos prestados aos veciños.
- O BNG xa denunciou no mes de outubro o xeito en que foron aprobadas estas subas de taxas e impostos: sen un estudo serio, sen información aos veciños e sen contar coa oposición.
- Hoxe explotou o tema dos feirantes, mais a medida que os veciños e veciñas de Xinzo comece a padecer outras subas (Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica, Matrículas do Conservatorio e da Escola de Gaitas, Axuda no Fogar, etc.) e sexan conscientes do incremento da presión fiscal impulsada polo PP, o malestar e as protestas estenderanse a outros colectivos.

Amador Díaz Penín  
Portavoz do Grupo Municipal do BNG no Concello de Xinzo da Limia

Xinzo da Limia | 27-02-2008